



Expediente núm.: 734/2026

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Expediente relacionado: 267/2026

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026

Obra/servizo subvencionado: Tarefas de silvicultura e limpeza de montes (Peón forestal)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Antecedentes

1. Con data 14.09.2026 Pablo de Juana de Frutos (4*1***05C) causa baixa como persoal laboral temporal na categoría profesional de **Peón forestal (V)** ao abeiro da contratación subvencionada para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo na convocatoria para o ano 2026.

2. A Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0474 de data 13.05.2026, establece o que copiado literalmente di:

“Sétimo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación ao abeiro da cláusula 10ª das bases reguladoras da presente convocatoria:

	APELIDOS E NOME	DNI aleatorio	EXENTO GALEGO	PROBA LINGUA GALEGA	PROBA COÑECEME NTOS
1	PEREIRA IGLESIAS RAFAEL	***472*9F	Si	-	8
2	CARBALLO OCAMPO FRANCISCO	***974*3E	Si	-	7
3	CONDE SEOANE OLALLA	*4*8*7*8H	Si	-	6
4	SABIRI AIT KACEM YOUNES	***471*8S	Non	Apto	6

3. Vista a antedita listaxe de reserva coas persoas que superaron o dito proceso selectivo pola orde de puntuación, establecida de conformidade coa cláusula 10ª das bases reguladoras da convocatoria do referido proceso selectivo.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación para o posto de traballo de “Peón forestal (V)”, da persoa aspirante que ocupa o primeiro lugar da quenda de reserva segundo a Resolución de Alcaldía núm. 2026 – 0474 de data 13.05.2026, do proceso de selección de persoas desempregadas para a obra/servizo “Tarefas de silvicultura e limpeza de montes” (peóns forestais), ao abeiro da subvención concedida pola Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 24, do xoves 05 de febreiro de 2026):

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2026-0917 Data: 14/09/2026

Cod. Validación: Z2SO5ESP65WHE676ME42SKN52
Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3





- Rafael Pereira Iglesias, co DNI ***472*9F

Segundo.- Contratar para o período comprendido entre o 15 de setembro de 2026 e o 17 de febreiro de 2027, para a obra / servizo “Tarefas de silvicultura e limpeza de montes” subvencionado en 67.820,12 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na categoría profesional de “peón forestal” á persoa traballadora que se detalla no cadro seguinte, e cos seguintes custos salariais:

	Nome da persoa traballadora	DNI aleatorio	Grupo de cotización	Retribucións brutas mensuais	% Cota patronal á S.S.	Seg. Social Concello mensual	Custo total mensual	Núm. meses	Custo total (total custo mensual x nº meses)	Custo total da contratación
1	Pereira Iglesias, Rafael	***472*9F	10	1.510,61 €	38,55%	582,34 €	2.092,95 €	5,10	10.674,05 €	42.696,18 €

Terceiro.- Formalizar a contratación con carácter de persoal laboral temporal, para a obra / servizo “Tarefas de silvicultura e limpeza de montes” subvencionado en 67.820,12 € pola Xunta de Galicia - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na categoría profesional de “peón forestal”, na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, segundo a Disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego e o artigo 15.1 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (DOG núm. 24, do xoves 05 de febreiro de 2026), en réxime de dedicación a tempo completo cunha duración de 5 meses e tres días.

Cuarto.- Formalizado o contrato de traballo, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación.

Quinto.- Informar á representación legal das persoas traballadoras, mediante entrega dunha copia básica dos contratos de traballo celebrados.

Sexto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación ao abeiro da cláusula 10ª das bases reguladoras da presente convocatoria:

	APELIDOS E NOME	DNI aleatorio	EXENTO GALEGO	PROBA LINGUA GALEGA	PROBA COÑECEMENTOS
1	CARBALLO OCAMPO FRANCISCO	***974*3E	Si	-	7
2	CONDE SEOANE OLALLA	*4*8*7*8H	Si	-	6
3	SABIRI AIT KACEM YOUNES	***471*8S	Non	Apto	6

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ás persoas interesadas para os efectos oportunos.

Oitavo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>].

Noveno.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor – Tesoureiro dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor – Tesoureiro,
Alejandro Martínez Sánchez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2026-0917 Data: 14/09/2026

Cod. Validación: Z2SO5ESP65WHE676ME42SKN52
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

